

Calendario de actuacións en relación á **recuperación de MÓDULOS PENDENTES**

▶ Actuacións coordinadas polas xefaturas de departamentos

Marco legislativo:

▶ Decreto 114/2010, Artigo 48

4. No desenvolvemento do currículo mediante a elaboración das correspondentes programacións dos módulos profesionais, tal e como se establece no artigo 34º deste decreto, **prestarase especial atención á toma de decisións propias do proceso de avaliación e, en particular:**

b) **Á planificación das actividades de recuperación de módulos profesionais pendentes, e expresamente aquelas que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.**

Artigo 51º.-Documentación resultante do proceso de avaliación.

2. **O informe de avaliación individualizado incluírá as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe** outorgadas ata ese momento ao alumno ou á alumna, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren salientables.

▶ ORDE do 12 de xullo de 2011, avaliación

Artigo 30. Avaliación final de módulos do primeiro curso. Pto 2

“...No suposto de que se pase de curso con módulos pendentes, **o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación**, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial prevista no artigo 31.3 desta orde. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua a que se re re o artigo 25.3 desta orde.”

Calendario de accións:

Momento*	Acción a realizar**
Inicio do curso	Disposición en cada departamento da relación de alumnos con módulos pendentes
Antes da avaliación inicial	Disposición de profesores coa responsabilidade de supervisar e avaliar as actividades programadas nos módulos en relación cos alumnos que promocionaron a 2º que os teñan pendentes.
Avaliación inicial	Disposición por parte dos profesores asignados, de informes individualizados dos alumnos con módulos pendentes
Outubro (finais)	Disposición polos profesores da programación de actividades para a recuperación dos módulos pendentes. Estas actividades atenderán ao indicado no informe individualizado que se debe dispoñer, e especialmente a aquelas actividades que poidan ser realizables de xeito autónomo polo alumnado.
Novembro	O departamento (xefatura/profesor/titor) estará en disposición de poder confirmar que todo alumnado con módulos pendentes ten a posibilidade de ser informado das actividades que debe realizar para recuperar o módulo, incluíndo o período para realizalas, temporalización e datas das probas que se programen.
Marzo	A avaliación coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa a FCT de segundo curso.

Verificacións: Solicitaráselle aos departamentos que verifiquen a realización das actividades indicadas nos momentos correspondentes. “**SI**”: acción** correspondente realizada; “**NON**”: acción** incompleta no **momento*** que se indica.

REALIZADO CONFORME	ENERXÍA E AUG. *	INST. E MANT. *	FAB. MEC. *	MADEIRA E MOB. *	TRANSP. MANT. V. *	FOL *
Inicio do curso						
Antes da avaliación inicial						
Avaliación inicial						
Outubro (finais)						
Novembro						
Marzo						

* CADA DEPARTAMENTO REALIZARÁ SEGUIMENTO DO REALIZADO NA COLUMNA CORRESPONDENTE, E ENTREGARÁ ESTA TÁBOA ASINADA Á XEFATURA DE ESTUDOS AO FINAL DO PROCESO (OU CANDO ESTA SOLICITE A SUPERVISIÓN)

Asdo:

Xefatura do departamento didáctico